



CONCELLO DE BUEU

ANUNCIO

ASUNTO: INVITACIÓN PARA PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO.

Por Acordo do Pleno do Concello de Bueu de data 6 de outubro de 2014, aprobouse o expediente de contratación dunha operación de endebedamento por importe de **992.981,29 €** euros.

Por se fose do seu interese, anúnciase por medio da presente, invitación para formular oferta segundo as condicións establecidas nas correspondentes Bases, das que se lle achéga copia.

Chámase a atención sobre a Cláusula 5ª das sinaladas Bases, no que se determina o lugar e prazo de presentación das propostas, a data límite para a súa recepción e a forma de presentación.

Bueu, 7 de outubro de 2014

O Alcalde



Asdo: Félix Juncal Novás



CONCELLO DE BUEU

BASES DE CONDICIÓNNS QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO CON DESTINO Á CANCELACIÓN TOTAL DO PRÉSTAMO Nº 807415461176 FORMALIZADO CO BANCO SABADELL Ó ABEIRO DO RD 4/2012.

1º. OBXETO.

De acordo co previsto no artigo 3 do Real Decreto Lei 8/2014, de 4 de xullo, o Concello de Bueu pretende a contratación dun préstamo de **992.981,29 €** para a cancelación total do capital vivo a 29/11/2014 do Préstamo Nº **807415461176** formalizado coa Entidade Banco Sabadell ó abeiro do RD 4/2012 polo que se regula o Plan de Pago a Proveedores.

2º.- CONDICIÓNNS PARTICULARES DO PRÉSTAMO.

- a) Importe: 992.831,29 €.-
- b) Prazo: Para manter ás datas previstas de amortización do préstamo a última cota do préstamo pagaráse o día 29 de maio de 2022, que coincide coa última cota do préstamo que se pretende cancelar.
- c) Periodicidade de amortización de intereres e capital trimestral.
- d) Os tipos de intereses aplicables á presente operación ofertaranse a INTERESE VARIABLE.

Cada entidade financeira deberá sinalar o DIFERENCIAL que por todos os conceptos teña que aumentarse ou diminuírse ao índice de referencia.

O interese final que resulte, QUE NON PODERÁ SER SUPERIOR Ó VIXENTE NA OPERACIÓN QUE SE CANCELA e non se redondeará, nin en exceso nin en defecto, e calquera outros gastos que puideran existir, como broqueraxe, comisións, etc. non serán repercutidos ao Concello, debendo ser assumidos pola entidade financeira adxudicataria.

Ós efectos do disposto no párrafo anterior, o tipo de interés da operación que se cancela era variable refenciado ó euribor a 3 meses incrementado cun diferencial que reflicte o coste de financiamento do Tesouro Público para os mesmos prazos, incrementado nun marxe máximo de 115+30 puntos básicos. Tras a modificación operada pola orde PRE/966/2014, de 10 de xuño, o diferencial aplicable sobre o Euribor a 3 meses quedou fixado nun marxe de 385 puntos básicos. (en aplicación do anterior o tipo actualmente é do 4,0200 %).

- e) O índice que se tomará como referencia para o cálculo dos intereses será o EURIBOR 3 MESES. O tipo de interés revisarase trimestralmente. Para realizar a revisión tomarase o tipo vixente o segundo día hábil anterior ó inicio do período de interés de que se trate e sumaráselle ou restaráselle o diferencial que teña ofertado á Entidade. O tipo de interés así calculado comunicaráselle ó Prestatario ó inicio de cada período de interés.
- f) Non se aceptará ningunha oferta que inclúa comisión algúna a cargo do Concello. Tampouco se aceptarán ofertas condicionadas á sinatura por parte do Concello de compromisos con terceiros distintos á Entidade que presente a oferta.



CONCELLO DE BUEU

- g) A disposición da cantidade íntegra do préstamo realizarase ao día seguinte da formalización do mesmo e irá destinada á cancelación total do préstamo formalizado coa Entidade Banco Sabadell Número de Contrato 807415461176.
- h) Esta operación de endebedamento non poderá incorporar a garantía da participación en tributos do Estado nin poderán subrogarse as entidades de crédito que concerten estas novas operacións nos dereitos que correspondan ao Fondo para a Financiación de Pagos a Proveedores.
- i) O Concello poderá anticipar o reembolso total ou parcial do préstamo sen comisión nin gasto de cancelación algúin.

3º.- GARANTÍAS DA ENTIDADE PRESTAMISTA

Debido ao control que a Administración do Estado exerce sobre as Entidades Financeiras, así como á propia natureza do presente contrato no que o Concello recibe o importe do préstamo, non se esixe a constitución de fianzas provisional nin definitiva. Os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica, dada a vixilancia e control que sobre ditas institucións exerce o Banco de España, entenderanse acreditados.

4º.- GARANTÍAS DA ENTIDADE PRESTATARIA

O Concello de Bueu durante a vixencia do contrato de crédito e ata a total cancelación das súas obrigas, consignará nos correspondentes Orzamentos anuais as cantidades necesarias para fazer fronte ao pago de intereses e amortizacións derivadas do citado contrato. Non se esixirán por parte da Entidade prestamista garantías adicionais.

5º. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNNS.

Xunto coa invitación para presentar ofertas remitírase copia do prego de condicións que rexe o contrato (que poderá realizarse na man, por correo, fax, telex ou telegrama). As ofertas das entidades financeiras interesadas presentaranse no REXISTRO XERAL do Concello, de 9 a 14 horas, de luns a venres, e sábados de 9:30 a 13 horas, ata as 14 horas do día **24 de outubro de 2014**. Ata dito prazo, permanecerá exposto o preceptivo anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello de Bueu (Pontevedra).

Solicitaranse ofertas, ao menos, ás entidades financeiras con oficina no Concello de Bueu. Da recepción das invitacións quedará constancia no expediente.

Tamén poderán presentarse proposicións por correo, neste caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e comunicar o mesmo día ó órgano de contratación, por fax, telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen cumplir tales requisitos non será admitida a proposición no caso de que se recibise fora do prazo concedido. Non obstante, transcorridos dous días dende a terminación do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

As proposicións dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Bueu en DOUS SOBRES pechados, conforme ás seguintes NORMAS:



CONCELLO DE BUEU

SOBRE A. No seu exterior figurará a indicación “**PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO PARA CONTRATAR UNHA OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO CON DESTINO Á CANCELACIÓN TOTAL DO PRÉSTAMO FORMALIZADO Ó ABEIRO DO PLAN DE PAGO A PROVEEDORES PREVISTO NO RD 4/2012. : DOCUMENTACIÓN**”, así como a indicación do nome e apelidos ou razón social, domicilio, número de teléfono e fax do licitador, e conterá obrigatoriamente a seguinte documentación (orixinais ou copias debidamente compulsadas ou autenticadas):

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade do licitador que firme a oferta ou do seu representante legal.
- Poder notarial no que se acredeite a representación da persoa ou Entidade en cuxo nome presenta a correspondente oferta, que deberá ser bastanteado pola Secretaría Municipal.
- Declaración responsable consonte o establecido no artigo 73 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e de que a Entidade interesada e ou licitador non se atopan incursos nalgún dos supostos de prohibición para contratar a que se refire o artigo 60 da citada norma.

No caso de que a anterior documentación (a excepción da declaración responsable) xa obre en poder desta Administración, poderá facerse referencia á data de presentación da mesma e procedemento no que se realizou, sen necesidade de aportala novamente.

A calificación da documentación xeneral realizarse con carácter previo polos servizos xurídicos do Concello, dando conta do resultado no acto da apertura do sobre B.

SOBRE B: No seu exterior figurará a indicación “**PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO PARA CONTRATAR UNHA OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO CON DESTINO Á CANCELACIÓN TOTAL DO PRÉSTAMO FORMALIZADO Ó ABEIRO DO PLAN DE PAGO A PROVEEDORES PREVISTO NO RD 4/2012.: PROPOSICIÓN ECONÓMICA**”, e conterá a oferta económica de acordo co seguinte modelo:

D./D^a. _____, con D.N.I. nº _____, con domicilio en _____, rúa _____, nº _____, en nome e representación da Entidade Financeira _____, con domicilio a efecto de notificacións en _____, rúa _____, nº _____, manifesta que, enterado do procedemento negociado promovido polo Concello de Bueu para contratar unha operación de crédito por importe 992.831,29 € euros e aceptando integralmente as cláusulas contidas nas Bases de Condicóns, acompaña como ANEXO ao presente documento:

-Detalle completo da oferta económica.

-Proxecto de contrato da operación de endebedamento.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición non admitíndose variantes ou melloras dentro da mesma.



CONCELLO DE BUEU

6º.- INFORMACIÓN ÁS ENTIDADES FINANCEIRAS INTERESADAS.

Ós efectos de que as entidades financeiras licitadoras poidan realizar estudos sobre a solvencia financeira do Concello de Bueu e un análise económico do mesmo que posibilite a presentación da súa oferta económica, estará exposto ó público na Intervención Municipal da Corporación, a seguinte documentación:

-Conta Xeral do Concello do exercicio 2013.

-Liquidación do Orzamento do Concello do exercicio 2013.

-Orzamento do Concello do exercicio 2014.

-Informe de Intervención á operación de préstamo indicando, entre outros aspectos aforro neto, ingresos correntes liquidados no exercicio 2013 e volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes.

- Calquera outra documentación necesaria haberá de solicitarse ó Departamento de Intervención do Concello.

7º.- APERTURA DE OFERTAS.

Procederase á apertura das proposicións económicas presentadas no Salón de Plenos do Concello, en acto público que presidirá o Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue. A data e hora da citada apertura será comunicada ás Entidades que presentaran proposicións en tempo e forma.

8º.- VALORACIÓN DE OFERTAS.

A entidade financeira prestamista seleccionarase tendo en conta os principios de publicidade e concorrenza e, en todo caso, os de igualdade e non discriminación seguindo os criterios que se determinan no apartado noveno do presente prego de cláusulas.

As ofertas presentadas serán evaluadas pola Intervención e Tesourería Municipais, que emitirán un informe-proposta de adxudicación.

9º.- CRITERIOS QUE SERVIRÁN DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN.

Para a adxudicación do contrato atenderase exclusivamente ó menor prezo ofrecido polos licitadores, é dicir, á oferta máis vantaxosa dende o punto de vista económico. En caso de empate, por ser as condicións ofertadas idénticas, resloverase por sorteo público.

10º.- AUTORIZACIÓN.

Esta operación de crédito non necesita autorización previa da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, posto que de conformidade cos datos económicos dispoñibles, o Concello ten Aforro Neto Positivo e o seu nivel de endebedamento non supera os límites legais.

De acordo co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto-Lei 8/2014, para a formalización da operación **será preciso solicitar autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**. Polo tanto, a **operación queda condicionada**, en canto a súa formalización, á obtención da citada autorización.



CONCELLO DE BUEU

11º.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase en documento administrativo, conforme ó modelo aportado pola Entidade financeira adxudicataria, sempre que non sexa contrario ás prescricións deste prego, unha vez recibida, por parte do Concello, a autorización por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas tal e como prevee o citado art. 3.2 do RD-Lei 8/2014.

Previamente á formalización do contrato haberá de acreditarse polo adxudicatario que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante presentación das certificacións as que se refire o artigo 15 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

12º.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

Para o non previsto no presente Prego, rexerá o previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; Texto Refundido das normas vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 16 de xuño; Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en canto á preparación e adxudicación do contrato.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes, a excepción dos actos que se dicten en relación coa preparación e adxudicación do contrato que, por aplicación da teoría dos actos separables, deberán ser impugnados ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdicción.